SUXESTIÓNS AO 11. ENERO.2026
DOMINGO DO BAUTISMO DO SEÑOR

S U X E S T I Ó N S:



-Acabamos as celebracións do tempo de Nadal e empezamos o tempo ordinario. Esta semana celebramos dúas "epifanías" do Señor: a primeira o día de Reis manifféstasenos quen é Xesucristo, e no bautismo dísenos que é Fillo e ao mesmo tempo dinos quen é Deus (Pai Fillo e Espírito Santo).

-Sería bo poñer hoxe a pía bautismal nun lugar visible, podémola decorar con flores e á beira o cirio pascual aceso. Pódese facer a aspersión lembrando o bautismo.

-Pescuda: que día te bautizaron?, en que lugar?, quen foron os teus padriños? a que te comprometiches? *(Podes acudir aos teus pais ou ver os libros de bautizos da parroquia onde te bautizaron).*

-O bautismo é o sacramento polo cal Deus adóptanos como fillos e entramos a formar parte da Igrexa, a comunidade de crentes. Axudados polo catequista facede un cartel ou vídeo cos momentos, símbolos e palabras do rito do bautismo.

-Non basta con ter un certificado de bautismo ou unhas fotos. Trátase de vivir como bautizados. “Un cristián non nace, senón que se fai” (Tertuliano), vivindo a súa misión cada día. Dialogade como podedes facelo.

-Escribe unha carta a Xesús dándolle grazas polo teu bautismo, “es fillo/a amado/a”.

-Pódese facer un DNI para cada neno. Na cara B poñerá “EU SON” e debaixo escribirá 3 cousas que oe definen. No fondo aparecerá unha inscrición: “EU SON DE XESÚS”. Na cara A debuxarán o seu rostro e poñerán o seu nome. Estes DNI péganse logo con celo nun cartel de forma que quede á vista o que o define. Ao final da eucaristía os pais deben ir vendo a cartolina cos carnés pola parte das calidades e han de adiviñar cal é o DNI do seu fillo. O neno diralles que levanten un pouco a cartolina para ver se acertaron… E na reunión seguinte os nenos traerán o DNI e explicarán, despois de falar cos pais, que significa para eles “ser de Xesús”.

-Cando entres na Igrexa achégate á pía de auga bendita e fai o Sinal da cruz lembrando o teu bautismo e pedindo que o Señor te purifique e te axude a vivir como bautizado, como fillo de Deus.

VÍDEOS

DOMINGO DO BAUTISMO DE XESÚS-A
(Mateo 3, 13-17)

-Xn 1,29-34, debuxos: https://youtu.be/JbDdnimOPB8
https://youtu.be/cB9S8gfv6AI
-Testemuño de Xoán, película: https://youtu.be/-DP3eU318MU
https://youtu.be/p4erUM0Jw9A
https://youtu.be/vxrnqItWTo0?se
https://youtu.be/rDV2jAYPCcM&t=167s
https://youtu.be/rDV2jAYPCcM
-A hora do baño, Verbo Divino-2011, reflexión:
https://youtu.be/d6N9C-TrMCY -De carne e óso, VD-2014, reflexión: https://youtu.be/5wZY0S95ou3A
-Unha mensaxe, VD-2017, reflexión:
https://youtu.be/XlEezu2v4GA
-Comeza a aventura, VD-2019, reflexión:
https://youtu.be/jjZPczwspSk
-O momento, Verbo Divino -2023, reflexión:
https://youtu.be/NPthWeeeS2E
-Lecturas en linguaxe de signos:
https://youtu.be/lBCzz3kdBNc https://youtu.be/ShjZnFwlT3k
https://youtu.be/VXWgTRNiwAo

-Que é o bautismo: https://youtu.be/8ou_10hwfn8A
-Elementos do bautismo para nenos:
https://youtu.be/Ko6wXy9Wjh4
-Xesús, o meu amigo, canción de bautismo:
https://youtu.be/7iyq_FZ1KV0
- El é o meu Fillo, canción de Javier Brú:
https://youtu.be/nhD0EBlFKEk
-Outras cancións: Cancións: Tres Reis Magos chegan de Oriente, C. Erdozáin: Adiante pastores, Adeste fideles (Enya), A lúa e as estrelas de Salomé Arricibita https://youtu.be/JwAdIF77HWg&t=6s Bendito o Neno de Dimas e Mary https://youtu.be/ES7QvfKz-ou4&t=3s Unha luz de Verónica Sanfilippo.

